

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11154 *Real decreto 866/2010, do 2 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de vehículos.*

As reformas de vehículos en España están reguladas polo Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de importancia de vehículos de estrada e se modifica o artigo 252 do Código da circulación.

Con data do 9 de outubro de 2007, aprobouse a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se crea un marco para a homologación dos vehículos de motor e dos remolques, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos, que foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante a Orde ITC/1620/2008, do 5 de xuño, pola que se actualizan os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas dos ditos vehículos.

Con independencia desa incorporación, é preciso completar a súa transposición para adaptar determinados conceptos e exixencias do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, ao disposto na Directiva 2007/46/CE, do 5 de setembro. En particular, o citado real decreto permite as reformas nos vehículos antes da súa matriculación, mentres que a Directiva 2007/46/CE, do 5 de setembro, non o permite, ofrecendo, para estes casos, un procedemento alternativo como é a homologación individual de vehículos. Ademais, a evolución da técnica e a experiencia resultante da aplicación do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, no longo tempo transcorrido desde a súa entrada en vigor, fan moi conveniente dar unha nova regulación á tramitación das reformas de vehículos.

En consecuencia, o obxecto deste real decreto é aprobar unha nova e completa regulación nesta materia, recollendo a experiencia práctica da aplicación da norma que se substitúe e integrando a evolución técnica. Ademais, a nova regulación ten en conta as normas do dereito da Unión Europea para asegurar mellor as condicións de seguridade activa e pasiva dos vehículos e o seu comportamento no que concirne á protección do ambiente, así como para colaborar na defensa dos dereitos dos consumidores.

De acordo co previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto foi obxecto do preceptivo trámite de audiencia. Así mesmo, esta disposición foi sometida ao procedemento de información de normas regulamentarias técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xuño, así como o Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Esta disposición dítase ao abeiro do artigo 149.1.21ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, que inclúe a competencia para a determinación das condicións ou prescricións técnicas dos vehículos para que sexa admitida a súa circulación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e do ministro do Interior, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación do procedemento para a realización e tramitación das reformas efectuadas en vehículos despois da súa matriculación definitiva en España co fin de garantir que tras a reforma se seguen cumprindo os requisitos técnicos exixidos para a súa circulación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase a todos os vehículos matriculados definitivamente e remolques lixeiros (categoría O1) autorizados a circular.
2. Este real decreto non se aplicará aos vehículos antes da súa matriculación definitiva. As modificacións efectuadas nos vehículos antes da súa matriculación definitiva deberán estar incluídas na homologación de tipo ou tramitarse a través do procedemento de homologación individual.

Artigo 3 *Definicións.*

Para os efectos previstos neste real decreto, enténdese por:

1. Homologación de tipo: procedemento mediante o cal un Estado membro certifica que un tipo de vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente cumpre as correspondentes disposicións administrativas e os requisitos técnicos pertinentes.
2. Homologación de tipo nacional: procedemento de homologación de tipo establecido pola lexislación nacional dun Estado membro; a validez da dita homologación queda limitada ao territorio dese Estado membro.
3. Homologación de tipo CE: procedemento mediante o cal un Estado membro certifica que un tipo de vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente cumpre as correspondentes disposicións administrativas e requisitos técnicos das directivas 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se crea un marco para a homologación dos vehículos de motor e dos remolques, sistemas e compoñentes e unidades técnicas independentes destinadas aos ditos vehículos; 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á homologación dos tractores agrícolas ou forestais, dos seus remolques e da súa maquinaria intercambiable remolcada, así como dos sistemas, compoñentes e unidades técnicas dos ditos vehículos, e pola que se derroga a Directiva 74/150/CEE; 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo de 2002, relativa á homologación dos vehículos de motor de dúas e tres rodas e pola que se derroga a Directiva 92/61/CEE do Consello, e dos actos regulamentarios enumerados nos anexos das referidas directivas.
4. Homologación individual: procedemento polo cal un Estado membro certifica que un vehículo en particular, xa sexa singular ou non, cumpre as disposicións administrativas e os requisitos técnicos establecidos na lexislación aplicable.
5. Homologación de tipo multifásico: procedemento mediante o cal un tipo de vehículo incompleto ou completado cumpre as correspondentes disposicións administrativas e requisitos técnicos establecidos na lexislación aplicable.
6. Vehículo de base: todo vehículo que se utiliza na fase inicial dun proceso de homologación de tipo multifásico.
7. Vehículo incompleto: todo vehículo que deba pasar polo menos por unha fase máis para ser completado e cumprir os requisitos técnicos pertinentes establecidos na lexislación aplicable.
8. Vehículo completado: o vehículo, produto do procedemento de homologación de tipo multifásico, que cumpra os requisitos técnicos establecidos na lexislación aplicable.
9. Vehículo completo: todo vehículo que non necesita ser completado para satisfacer os requisitos técnicos pertinentes establecidos na lexislación aplicable.

10. Actos regulamentarios: unha directiva particular, un regulamento (CE) ou un regulamento CEPE/ONU anexo ao Acordo revisado de 1958 relativo á adopción de prescricións técnicas para os vehículos de rodas, o equipamento e as pezas que se poden montar e/ou usar nos vehículos de rodas e as condicións para o recoñecemento recíproco das homologacións concedidas con base nestas prescricións.

11. Fabricante: a persoa ou organismo responsable ante a autoridade de homologación de todos os aspectos do proceso de homologación ou de autorización, e de garantir a conformidade da produción. Non é esencial que a persoa ou o organismo participe directamente en todas as fases da fabricación dun vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente suxeita ao proceso de homologación.

12. Representante do fabricante: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea, debidamente designada polo fabricante para que o represente ante as autoridades competentes e para que actúe no seu nome. Cando se fai referencia ao termo «fabricante», débese entender que se indica tanto o fabricante como o seu representante.

13. Autoridade de homologación: a autoridade con competencias en todos os aspectos da homologación dun tipo de vehículo, sistema, compoñente ou unidade técnica independente ou da homologación individual dun vehículo, do proceso de autorización, da emisión e, de ser o caso, retirada de certificados de homologación, así como para actuar como punto de contacto coas autoridades de homologación dos demais Estados membros, para designar os servizos técnicos e garantir que o fabricante cumpre as súas obrigas sobre conformidade da produción. Na actualidade, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

14. Servizo técnico: a entidade designada pola autoridade de homologación como laboratorio para levar a cabo ensaios de homologación ou como entidade de avaliación da conformidade para levar a cabo a inspección inicial e outros ensaios ou inspeccións en nome da autoridade de homologación, sendo posible que o propio organismo competente leve a cabo esas funcións.

15. Servizo técnico de reformas: a entidade designada pola autoridade de homologación española como laboratorio para levar a cabo informes das reformas tipificadas neste real decreto e, de ser o caso, os ensaios previstos nos actos regulamentarios afectados pola/s reforma/s.

16. Taller: entidade debidamente inscrita no rexistro oficial de talleres de reparación de vehículos correspondente. En España, Rexistro Especial de Talleres de Reparación de Vehículos Automóviles e dos seus Equipamentos e Compoñentes, regulado pola regulamentación aplicable. Para os efectos deste real decreto tamén terán a consideración de taller as instalacións dos fabricantes de vehículos cando interveñan na execución das reformas no ámbito que se determine no Rexistro de Fabricantes e Firmas Autorizadas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

17. Estación de inspección técnica de vehículos (ITV): as instalacións que teñen por obxecto a execución material das inspeccións técnicas que, de acordo co Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e demais normas aplicables, se deban facer nos vehículos e nos seus compoñentes e accesorios, e que estean habilitadas polo órgano competente da comunidade autónoma do territorio onde estean radicadas.

18. Reforma de vehículo: toda modificación, substitución, actuación, incorporación ou supresión efectuada nun vehículo despois da súa matriculación e en remolques lixeiros despois de seren autorizados a circular, que ou ben cambia algunha das súas características ou é susceptible de alterar os requisitos regulamentariamente aplicables contidos no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño. Este termo inclúe calquera actuación que implique algunha modificación dos datos que figuran na tarxeta de ITV do vehículo.

19. Vehículo: todo vehículo de motor e os seus remolques, incluídos os vehículos especiais.

20. Manual de reformas de vehículos: documento elaborado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en colaboración cos órganos competentes en materia de ITV das comunidades autónomas, que establece as descripcións das reformas tipificadas,

a súa codificación e a documentación precisa para a súa tramitación. Este manual estará dispoñible para consulta dos solicitantes dunha reforma en todas as estacións de ITV. O manual será actualizado cando se modifique a tipificación das reformas ou os criterios regulamentarios en materia de vehículos, tanto de carácter nacional como da Unión Europea.

21. Vehículo da mesma categoría ou tipo: aqueles vehículos que non presentan entre si diferenzas polas cales se deban considerar de distinta categoría ou tipo, segundo se definen nas directivas 2007/46/CE, 2003/37/CE ou 2002/24/CE, ou no real decreto de homologación nacional de tipo.

22. Conxunto funcional: conxunto de sistemas, partes ou pezas autorizado pola autoridade de homologación, destinado a cumprir unha función determinada nun ou varios vehículos do mesmo ou de diferentes tipos ou categorías e que afectan unha ou varias funcións das incluídas no anexo I deste real decreto.

23. Proxecto técnico: conxunto de documentos, redactado por técnico competente, que ten por obxecto a definición e a valoración das características dun produto, obra ou instalación que se requiren en función do seu fin ou destino.

24. Certificación final de obra: o acto polo que en forma de documento dá a conformidade un técnico das obras e/ou instalacións realizadas segundo proxecto.

25. Certificado do taller: o documento que acredita a execución dunha determinada actuación dun taller sobre un vehículo determinado.

Artigo 4. *Tipificación das reformas.*

As reformas de vehículos tipifícanse no anexo I.

Artigo 5. *Requisitos xerais.*

1. A regulamentación cuxo cumprimento é exigible ao vehículo reformado é a que se indica no manual de reformas de vehículos.

2. A regulamentación cuxo cumprimento é exigible para a tramitación das reformas de vehículos deriva da que se cita na columna 3 do anexo I do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, e acéptase como alternativa a indicada na columna 4 do mesmo anexo e, de ser o caso, na regulamentación de homologación española.

No manual de reformas de vehículos indícanse, para cada reforma, os actos regulamentarios que, de ser o caso, se poden ver afectados pola reforma.

3. O cumprimento da regulamentación cuxo cumprimento é exigible demostrárase mediante informe, segundo modelo do anexo II, emitido por un servizo técnico designado para reformas de vehículos, ou do fabricante do vehículo, inscrito no Rexistro de Firmas Autorizadas de Fabricantes da Autoridade de Homologación, no cal se fará constar que o vehículo reformado, segundo se solicita, cumpre os requisitos dos actos regulamentarios que son de aplicación conforme as reformas tipificadas no anexo I e o manual de reformas de vehículos. Cando o informe de conformidade sexa emitido polo fabricante para vehículos completados, o dito informe basearase noutro informe emitido polo/os fabricante/s de fase anterior cando a transformación realizada afecte sistemas, compoñentes ou unidades técnicas independentes.

No caso de que a reforma implique un cambio de categoría do vehículo, o informe citado deberá incluír relación da documentación de homologación dos actos regulamentarios cuxo cumprimento é exigible para a nova categoría. No caso de que a/s reforma/s deriven noutro vehículo homologado, será suficiente que o solicitante da reforma obteña do fabricante unha certificación que o acredite. No caso de que o informe de conformidade sexa emitido polo fabricante do vehículo, esta certificación poderase incluír no dito informe.

No caso de que o emisor do informe de conformidade considere necesario basear o seu informe noutro emitido polo servizo técnico designado para os ensaios de homologación dos actos regulamentarios de que se trate, deberá pólo en coñecemento do interesado, quen estará obrigado a achegar o ou os informes solicitados como condición indispensable para que lle sexa emitido o informe segundo o anexo II.

Artigo 6. *Autorización de conxuntos funcionais.*

1. O fabricante do conxunto funcional que desexe obter a autorización deberá presentar ante a autoridade de homologación un exemplar da documentación seguinte:

- a) Solicitude de autorización.
- b) Ficha de características onde se describan o conxunto funcional e os actos regulamentarios afectados, incluída a instalación, selada por un servizo técnico competente en materia de homologación en España.
- c) Acta de ensaio do conxunto funcional e da súa instalación expedida por un servizo técnico competente en materia de homologación en España.

2. A autoridade de homologación deberá resolver e notificar no prazo de seis meses desde a entrada no rexistro de toda a documentación que, para cada caso, se estableza neste real decreto. Transcorrido o prazo máximo sen se notificar resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada, de acordo co disposto no artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, e no artigo 61 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

3. Comunicaráselles as ditas autorizacións aos órganos das comunidades autónomas competentes en materia de inspección técnica de vehículos e xuntarase a documentación técnica citada anteriormente.

Artigo 7. *Tramitación e documentación.*

1. As reformas de vehículos poderán ser solicitadas polo titular do vehículo ou por persoa autorizada por el.

2. Se unha modificación dun vehículo entraña simultaneamente varias das reformas de vehículos tipificadas no anexo I, a súa tramitación exixirá o cumprimento dos requisitos fixados para cada unha destas no manual de reformas de vehículos.

3. A tramitación de reformas de vehículos poderá requirir todos ou algún dos seguintes documentos:

a) Proxecto técnico detallado da reforma que se vai efectuar e certificación final de obra na cal se indique que esta se realizou segundo o establecido no dito proxecto, subscrios ambos por técnico titulado competente. Na certificación de obra farase constar de forma expresa o taller e a data en que esta se efectuou. Este proxecto técnico deberase presentar ao emisor do informe de conformidade.

b) Informe de conformidade segundo anexo II emitido polo servizo técnico de reformas designado ou alternativamente polo fabricante do vehículo.

c) Certificado do taller en que se efectuou a reforma, segundo modelo do anexo III, da súa correcta realización.

4. Cando sexan emitidos polo fabricante, os informes de conformidade da alínea b) anterior serán unicamente expedidos por persoas expresamente autorizadas polas empresas fabricantes para este labor.

5. Para cada tipo de reforma de vehículo, a documentación que se deberá presentar ante os órganos da Administración competentes en materia de inspección técnica de vehículos (ITV), a tramitación e os requisitos específicos exixibles serán os indicados no manual de reformas de vehículos.

6. No caso de correspondencia do vehículo reformado cun tipo homologado, poderase facer a reforma sen achegar o disposto no número 3.a) deste artigo.

7. No caso dunha reforma amparada por un conxunto funcional autorizado pola autoridade de homologación, non será necesario o cumprimento da alínea a) e inspeccionarase o vehículo de acordo co artigo 8 deste real decreto.

Artigo 8. *Inspeccións técnicas.*

1. O titular do vehículo ao cal se lle efectuou unha reforma, ou a persoa autorizada por el, está obrigado a presentalo ante a inspección técnica no prazo máximo de 15 días, achegando a documentación segundo se determina no manual de reformas de vehículos. O alcance da inspección será o delimitado polo manual de reformas de vehículos e na súa execución utilizarase o manual de procedemento de inspección das estacións de ITV.

2. O órgano da Administración competente en materia de ITV efectuará a inspección do vehículo reformado, con base no alcance indicado no número 1, co obxecto de comprobar a correcta execución da reforma e se esa reforma modificou as condicións exixidas para circular polas vías públicas.

3. Se o resultado da inspección prevista for favorable, o órgano da Administración competente dilixenciará a tarxeta ITV ou, de ser o caso, expedirá unha nova.

4. Se o resultado da inspección resultar desfavorable ou negativo, aplicarase, de ser o caso, o disposto no Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos.

5. Se o vehículo reformado for matriculado en provincia distinta daquela en que se autoriza a reforma, o órgano da Administración competente que a autorizou, ademais de actuar segundo o disposto nos números 2 e 3 deste artigo, remitirá ao órgano competente da comunidade autónoma de matriculación un exemplar da dilixencia que se indica no número 3, con facsímile do novo número de bastidor, de ser o caso, para constancia no expediente do vehículo.

O órgano da Administración competente comunicará á xefatura de Tráfico da súa provincia segundo o disposto no Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro.

Artigo 9. *Requisitos exixibles aos servizos técnicos de reformas.*

1. A autoridade de homologación poderá designar os servizos técnicos de reformas de vehículos.

Para a súa designación, as entidades interesadas deberán solicitalo á autoridade de homologación, achegando a certificación da competencia técnica mediante a acreditación por parte da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), de acordo cos requisitos establecidos na norma UNE EN ISO/IEC 17020:2004 Criterios xerais para o funcionamento de diferentes tipos de organismos que realizan a inspección.

Os ensaios requiridos deberán ser realizados por un laboratorio que cumpra cos requisitos establecidos na norma UNE EN ISO/CEI 17025:2005 Avaliación da conformidade. Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e calibración ou por un servizo técnico de homologación.

2. Os servizos técnicos de homologación poderán solicitar a designación como servizo técnico de reformas achegando á autoridade de homologación a documentación que demostre competencia técnica coa norma UNE EN ISO/IEC 17020:2004.

3. A solicitude e a documentación sinalada nos números anteriores deste artigo poderase presentar de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes tamén se poderán tramitar por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

1. O incumprimento das disposicións deste real decreto sancionárase conforme o réxime de infraccións e sancións previsto no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, sen prexuízo do que se establece no número seguinte.

2. Cando o incumprimento do disposto neste real decreto constituía unha infracción tipificada no texto refundido da Lei xeral dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en

materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, será sancionado de conformidade co prescrito no dito texto refundido e real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Período en que os laboratorios de reformas designados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderán seguir emitindo informes.*

Mentres non se produza a designación dos servizos técnicos de reformas a que se refire o artigo 9, os laboratorios de reformas designados no momento da entrada en vigor deste real decreto, durante un período máximo dun ano a partir desa data, poderán expedir os informes a que se refire o artigo 7.3.b) en virtude do establecido no artigo 13 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Disposición transitoria segunda. *Carrozamento inicial dos vehículos.*

O carrozamento inicial a que fai referencia o anexo 11 do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas sobre homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques así como de partes e pezas dos ditos vehículos, poderá seguir realizándose segundo o Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, ata as datas de obrigatoriedade de homologación de tipo para os tipos de vehículos xa existentes determinadas na última columna do anexo XIX da Directiva 2007/46/CE, do 5 de setembro de 2007.

Disposición transitoria terceira. *Reformas antes da matriculación.*

Os vehículos con homologación de tipo española, ata a data en que deban corresponder a tipos homologados segundo a Directiva 2007/46/CE, do 5 de setembro de 2007, poderán ser reformados antes da matriculación, seguindo o procedemento establecido neste real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Reformas de importancia xeneralizada.*

As reformas de importancia xeneralizada nos vehículos que fosen autorizadas conforme as prescricións establecidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e que non fosen legalizadas só se poderán efectuar dentro do prazo de dous anos contados desde esa data.

Disposición transitoria quinta. *Reformas de nova tipificación.*

Os vehículos aos cales se lles efectuou unha reforma tipificada como tal neste real decreto e que con anterioridade non foi considerada como reforma, deberán legalizala mediante dilixencia administrativa ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, que fará a anotación na tarxeta de ITV, para o cal disporán do prazo de seis meses. Transcorrido este período, deberanse legalizar seguindo o procedemento establecido por este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de importancia de vehículos de estrada e se modifica o artigo 252 do Código da circulación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.21ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.*

O artigo 7.2 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, queda redactado como segue:

«2. O titular dun vehículo de motor, remolque ou semirremolque en que se efectuou unha reforma de importancia deberá regularizala ante o órgano da Administración competente en materia de industria.

A tramitación e regularización das reformas de importancia axustaranse á regulamentación que se recolle no anexo I.»

Disposición derradeira terceira. *Autorización para a modificación dos anexos do real decreto.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para modificar por orde ministerial os anexos deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ.

ÍNDICE DE ANEXOS

- Anexo I. Tipificación das reformas de vehículos.
- Anexo II. Informe de conformidade.
- Anexo III. Certificado do taller.

ANEXO I

Tipificación das reformas de vehículos

As reformas de vehículos refírense ás modificacións introducidas nas funcións que se relacionan a continuación e que, de ser o caso, serán desenvolvidas segundo conveña no manual de reformas de vehículos.

Considéranse reformas de vehículos as modificacións relativas ás funcións seguintes:

1. Identificación.
2. Unidade motriz.
3. Transmisión.
4. Eixes.
5. Suspensión.
6. Dirección.
7. Freos.
8. Carrozaría.
9. Dispositivos de iluminación e sinalización.
10. Unións entre vehículos tractores e os seus remolques ou semirremolques.
11. Modificacións dos datos que aparecen na tarxeta de ITV.

ANEXO II

Informe de conformidade

O/Os que asina/n abaixo expresamente autorizado/s por:.....

INFORMA/N DE

que o vehículo marca....., tipo....., variante....., denominación comercial....., contrasinais de homologación (*)....., matrícula e con número de bastidor....., é tecnicamente apto para ser sometido á(s) reforma(s) consistente(s) en:

Tipificada/s co/o Código de reforma/s.....

Especificacións técnicas ou regulamentarias:

Contrasinal de homologación ou número de informe que avale o cumprimento da regulamentación aplicable afectada polas transformacións realizadas no vehículo.

Reglamentación aplicable	Contrasinal de homologación ou informe que avala o seu cumprimento

O vehículo reformado cumpre cos actos regulamentarios que son de aplicación ás reformas tipificadas no anexo I e no manual de reformas de vehículos e é conforme coas condicións exixibles de seguridade e de protección do ambiente.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino este informe en..... ode.....de.....

(*) Se o vehículo non dispón de contrasinal, cubrirase este campo con NP.

ANEXO III

Certificado do taller

D/D.^a....., expresamente autorizado/a pola empresa....., domiciliada en....., provincia de....., rúa....., n.º....., teléfono....., dedicada á actividade de....., con n.º de rexistro industrial..... e n.º de rexistro especial (1).....

CERTIFICA

Que a mencionada empresa realizou a/s reforma/s e asume a responsabilidade da execución, sobre o vehículo marca....., tipo....., variante....., denominación comercial....., matrícula..... e n.º de bastidor....., de acordo:

- Coa normativa vixente en materia de reformas de vehículos.
- Coas normas do fabricante do vehículo aplicables á/s reforma/s levadas a cabo no dito vehículo.
- Co proxecto técnico da/s reforma/s, adxunto ao expediente.

OBSERVACIÓNS:

.....de.....de.....

Sinatura e selo

Asdo.:.....

(1) No caso de que a reforma sexa efectuada por un fabricante indicárase N/A.